

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA ITINERE.

Santiago de Compostela, a 1 de xullo de 2026

REUNIDOS

DUNHA PARTE: don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en calidade deste último, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: don Rubén Cagiao Avendaño, presidente da Fundación Érguete-Integración, con NIF G-36861078, e inscrita no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre drogas, creado polo Decreto 74/2002, do 28 de febreiro, co número de rexistro SA463D 2003/3, que actúa en nome e representación desta,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e integrando medidas encamiñadas á incorporación social de pacientes con problemas derivados dos trastornos adictivos.

SEGUNDO.- Que dentro do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Integración e Innovación Asistencial é a unidade administrativa encargada de xestionar os plans e programas sociosanitarios e de saúde mental da Comunidade Autónoma, así como de coordinar os dispositivos dependentes doutras institucións e administracións.

Así mesmo, segundo o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Integración e Innovación Asistencial, a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así

como a rede de centros de drogodependencias, e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia competentes en materia de servizos sociais, de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

TERCEIRO.- Que a Fundación Érguete-Integración é unha entidade privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de incorporación social de persoas con problemas de drogodependencias, prioritariamente no ámbito socio-laboral, de xeito coordinado coa asistencia sanitaria prestada nos centros de drogodependencias e como parte do tratamento rehabilitador integral.

A Fundación Érguete-Integración cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CUARTO.- Que dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de prevención e incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTO.- Que as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas en materia sociosanitaria e de incorporación social de persoas con problemas de drogodependencia.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público nas que se fundamenta o presente convenio, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Fundación Érguete-Integración, de programas e actividades do Programa ITINERE, de seguimento e atención das persoas en tratamento unha vez excarceradas, no eido da incorporación social de persoas con trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa da xestión do programa.

No marco do dito programa, desenvolveranse un conxunto de actuacións a través das cales a poboación reclusa destinataria poderá adquirir ou completar a súa cualificación e

competencias profesionais, coñecer a situación do mercado laboral e as técnicas máis axeitadas para acceder a este, así como recibir, no seu caso, apoio específico para o seu proceso de inserción laboral.

O ámbito territorial de aplicación deste programa estenderase aos internos e internas, que se atopen en proceso de excarceración nas institucións penitenciarias de A Lama (Pontevedra), Pereiro de Aguiar (Ourense), Teixeiro (A Coruña), o Centro de Inserción Social "*Carmen Avendaño*" (Vigo-Pontevedra), e o Centro de Inserción Social "*Carmela Arias y Diaz Rábago*" de A Coruña.

SEGUNDA.-SUBCONTRATACIÓN

A prestación dos servizos a desenvolver no marco do Programa ITINERE, levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo nos diferentes dispositivos da Fundación Érguete-Integración.

Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 50% do importe da actividade subvencionada.

No caso de que se supere esta porcentaxe de subcontratación, a cantidade excedida minorarase do importe concedido a través deste convenio.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, entendéndose que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

TERCEIRA.- OBRIGAS

1. A Fundación Érguete-Integración comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, 13 de xuño, esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.
- b) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental.

- c) Comunicar á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.
- d) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos.
- e) Coordinarse coas unidades de condutas aditivas do seu ámbito de actuación.
- f) Coordinarse con outros centros, servizos e programas recollidos dentro do Plan de Galicia sobre Drogas, co fin de asegurar a programación homoxénea destes.
- g) Someter á consideración técnica da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental calquera programa ou intervención que, non estando contemplada dentro do documento que estableza os instrumentos de planificación en materia de incorporación social de persoas con trastornos adictivos, vai poñer en marcha o equipo técnico. Para tal fin a dirección técnica deste equipo presentará os novos programas a desenvolver e constará como mínimo dos seguintes apartados:
 - Denominación do programa.
 - Xustificación da actuación.
 - Descrición do programa: metodoloxía.
 - Desenvolvemento programático: obxectivos xerais e específicos, poboación destinataria, difusión prevista, recursos humanos e materiais, mecanismos de coordinación, detalle de actividades, cronograma, orzamento e avaliación prevista.
- h) Axustarse á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como á normativa de desenvolvemento desta; á normativa concordante na materia e ás instrucións do Servizo Galego de Saúde sobre esta materia.
- i) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- j) Remitir á Dirección Xeral de Integración e Innovación Asistencial do Servizo Galego de Saúde, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, unha memoria final das actividades realizadas obxecto deste convenio, debendo empregarse para tal efecto o modelo que se xunta como Anexo 2.

2. O Servizo Galego de Saúde asume o compromiso de financiar a actividade obxecto deste convenio con cargo aos seus orzamentos nos termos establecidos na cláusula quinta.

CUARTA.- XESTIÓN DE DATOS

No desenvolvemento da súa actividade a entidade e os seus profesionais axustaranse á normativa de protección de datos.

QUINTA.- ORZAMENTO

Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a

cantidade de cento vinte e seis mil cento corenta e tres euros (126.143 €) con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.20, co código de proxecto 2014 00027, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida, procederase o reintegro das cantidades que excedan o dito custo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase mediante a modalidade de conta xustificativa con achega de informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O pagamento da contía establecida na cláusula quinta farase mediante os seguintes procedementos:

Pagamentos anticipados. Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade tivese comezado previamente, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, presentando por parte da fundación:

- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como Anexo 3. O dito Anexo presentarase ademais, debidamente actualizado, en cada unha das xustificacións parciais e da xustificación final, no seu caso.

Pagamentos parciais: Poderanse realizar pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva, de carácter voluntario, segundo o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados no seu caso concedidos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada.

De acordo co artigo 65.4. f) do dito decreto, os pagamentos anticipados e os pagamentos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

A data límite para a presentación da solicitude da documentación xustificativa dos pagamentos parciais será o 31 de outubro de 2026.

Pagamento Final. A xustificación final ten carácter obrigatorio e realizarase logo do cumprimento da finalidade e das demais condicións establecidas neste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A porcentaxe da subvención que reste por pagar tras a realización dos pagamentos parciais e do pagamento anticipado, de ser o caso, non se fará efectiva ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada.

A xustificación final deberá presentarse con data límite do 7 de decembro de 2026, sendo este prazo improrrogable.

OITAVA.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PERANTE A DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA

Tanto no caso das xustificacións parciais como na final deberase presentar:

1) Memoria económica presentada consonte ao artigo 50.5 do regulamento de subvencións, na que se consignará unha relación ordenada dos gastos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, segundo o modelo do Anexo 1.

Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indícarase con exactitude a contía imputable.

2) Memoria da actuación realizada con indicación das actividades realizadas e dos seus resultados segundo Anexo 2. A dita memoria comprenderá a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas

3) Informe de auditor de contas inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, para cuxa comprobación terase que achegar, xunto coa documentación xustificativa, a certificación rexistral de tal extremo.

A auditoría realizarase de acordo co establecido na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A presentación da auditoría como forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos

estipulados pola lei.

A Dirección Xeral de Integración e Innovación Asistencial poderá solicitar a documentación soporte da auditoría, de acordo co establecido neste convenio.

Unha vez finalizada a revisión da conta xustificativa, o/a auditor/a deberá emitir informe no que se incluíra unha listaxe dos xustificantes de gastos da totalidade da actividade subvencionada, selada e asinada por este/a.

O informe mencionará se a entidade beneficiaria facilitou tanta información lle solicitou o/a auditor/a para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilite a totalidade da información solicitada, mencionárase tal circunstancia con indicación da información omitida.

O informe referirase ao resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supor un incumprimento por parte da entidade beneficiaria da normativa aplicable ou das condicións impostas para a obtención da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

En todo caso, a verificación que debe realizar a auditoría de contas terá o seguinte alcance:

- a) O cumprimento por parte das entidades beneficiarias das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.
- b) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte das entidades beneficiarias tendo en conta a documentación complementaria que lle debe ser achegada segundo a cláusula oitava, e os gastos subvencionables determinados na cláusula novena.
- c) Mención expresa á técnica de mostraxe empregada na revisión.
- d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polas entidades, foron financiadas coa subvención.
- e) Enumeración das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, coidando que non exista sobrefinanciamento das actividades.
- f) Coherencia da memoria de actuación cos documentos de xustificación económica. Se existe desviación respecto ao orzamento aprobado e cuberto na memoria explicativa achegada no inicio da tramitación deberase engadir a explicación das desviacións.
- g) Mención ao grado de cumprimento do obxecto do convenio.
- h) Mención ao cumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira.
- i) Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas) do cumprimento do deber de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

Se a entidade beneficiaria está obrigada a auditar as súas contas anuais por un auditor de

conformidade coa Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas, a revisión da conta xustificativa levaraa a cabo o mesmo auditor.

No caso contrario, a designación do auditor será realizada polo propio beneficiario e terá condición de gasto subvencionable ata o límite indicado na cláusula décima deste convenio.

4) Declaración de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de axudas recibidas ou solicitadas para o mesmo obxecto do convenio segundo Anexo 3.

No caso do pagamento final, ademais, o informe de auditoría deberá facer mención expresa ao custo total repercutido do programa para a entidade e certificar que non existe sobrefinanciamento das actividades mediante a axuda establecida neste convenio e as outras axudas que a entidade reciba para o mesmo programa subvencionado.

A documentación xustificativa dos gastos presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica <https://sede.xunta.gal>, e dirixirse á Dirección Xeral de Integración e Innovación Asistencial.

NOVENA.- DOCUMENTACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA AUDITORÍA DE CONTAS POR PARTE DO/A AUDITOR/A

Na conta xustificativa que a entidade beneficiaria proporcione ao/á auditor/a, ademais da relación ordenada de gastos e das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente que figuren na conta xustificativa, deberase achegar a seguinte documentación segundo o tipo de gasto do que se trate:

1) Gastos correntes

1.a) Gastos de persoal: deberá achegarse, xunto coas nóminas correspondentes e os seus xustificantes bancarios de pagamento:

- TC1: Recibo de liquidación de cotizacións de cada mes do que se imputen nóminas

-TC2: Relación nominal de traballadores de cada mes do que se imputen nóminas

-Xustificante de pago mensual da Seguridade Social e modelo 111 trimestral xunto cos seus xustificantes de pagamento, sen prexuízo do indicado na cláusula oitava respecto dos gastos que non puideran ser pagados en prazo por imperativo legal.

1.b) Gastos de viaxe: deberán ir acompañadas de certificación da presidenta na que se especifique quen realizou a viaxe e a necesidade do desprazamento dentro do obxecto do convenio, así como achegar todos os recibís e billetes do medio empregado.

1.c) Gastos de alugamento: ademais da factura e o xustificante bancario de pagamento,

deberá achegarse:

- Copia do contrato de alugueiro.

- Modelos 115 e 180 xunto co seu correspondente xustificante bancario de pagamento.

1.d) Gastos de arrendamento de servizos:

- Copia do contrato no que deberá reflectirse a categoría profesional, o período de prestación de servizos e as horas de intervención no programa.

- Certificado do representante legal da entidade aclarando as razóns excepcionais polas que o programa non se pode desenvolver mediante persoal propio.

- Factura que inclúa:

Nome, apelidos e NIF da persoa traballadora, data e período de liquidación

Retención por IRPF

IVE aplicado, se procede

- Impresos 111 e 190 de ingresos por retencións de IRPF e xustificante bancario de pagamento que debe mostrar en que data se fixo o cargo na conta.

- Copia do modelo 036 de declaración censual de alta.

1.e) Gastos derivados da realización de auditoría de contas :

- Contrato no que figuren os honorarios e horas estimadas.

- Factura e documento acreditativo de pagamentos.

1.f) Nos gastos derivados da calidade dos programas:

- Se o proceso se efectúa por persoal da propia entidade: os mesmos documentos esixidos para o persoal con contrato laboral. O gasto imputarase entón á partida de persoal.

- Se o proceso o efectúa unha empresa: Contrato no que figuren horas estimadas e honorarios e facturas e documentos acreditativos de pago.

1.g) Nos caso de subcontratación de actividade a outras empresas:

- Declaración responsable da persoa representante legal da entidade subcontratada de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de decembro de 2025 e o 30 de novembro de 2026, que foran efectivamente pagados con anterioridade ou no mesmo día da finalización

do período de xustificación, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal da entidade: custo total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o daquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na antedita memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente xustificadas, sexa necesario modificar esta. O custo máximo imputable será o determinado polo convenio colectivo de aplicación.

No caso das pagas extraordinarias poderase imputar a parte proporcional dos meses e horas imputadas desas nóminas ás actividades do programa.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, actualizadas polo *Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia*, ao que se lle deu publicidade mediante a Resolución do 24 de novembro de 2023 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe. O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

ALOXAMENTO	77,78 €
MANUTENCIÓN	44,09 €
QUILOMETRAXE	0,26 €/KM

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolta ao abeiro deste convenio.

Os gastos de alugamento así como os correntes de subministracións (auga,luz,...) non poderán ser imputados ao 100% agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade do programa subvencionado. No caso contrario

soamente se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento do programa sobre o orzamento da entidade.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

b.4) Gastos derivados da realización da auditoría de contas. Como máximo ata un 5% do importe do convenio.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

b.5) Serán considerados subvencionables os gastos derivados da realización de auditorías de calidade e establecemento de plan de calidade

As dúbidas en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Integración e Innovación Asistencial do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición da entidade solicitante.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electronicamente, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante o procedemento electrónico denominado "Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (PR004A)", dirixíndoas á atención da Dirección Xeral de Integración e Innovación Asistencial.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN MIXTA PARITARIA

Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas ou controversias que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dúas persoas representantes da Fundación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que fosen obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Segundo o previsto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, é un negocio xurídico excluído do seu ámbito de aplicación.

De conformidade co artigo 4 desa mesma norma, este convenio rexerase polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

DÉCIMO CUARTA.- REVOGACIÓN E REINTEGRO

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para a Fundación "Érguete-Integración" nas cláusulas deste convenio.

DÉCIMO QUINTA. -INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

A subscrición deste convenio non comporta relación contractual laboral ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Fundación Érguete Integración que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que atermos ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SÉTIMA.- PUBLICIDADE, RÉXIME DE REXISTROS E TRANSPARENCIA

A fundación comprométese a incluír en todos os documentos e accións de difusión e información do programa tanto publicacións (artigos científicos, material de divulgación) como contornos dixitais (webs, etc), o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, e indicando que o programa é financiado en virtude deste convenio de colaboración, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e consonte ás condicións e requisitos sinalados no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que puideran impoñerse como consecuencia do seu desenvolvemento.

O beneficiario está obrigado a subministrar ao órgano concedente, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquel das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias que se poidan derivar no caso de incumprimento, nos termos establecidos no artigo 4.3 da citada lei.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO OITAVA.-DEBER DE COLABORACIÓN

A fundación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro.

DÉCIMO NOVENA.- PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2026.

VIXÉSIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución as previstas con carácter xeral no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1

de outubro, de réxime xurídico do sector público.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- SINATURA DO CONVENIO

A sinatura do presente convenio leva implícito o consentimento expreso das partes asinantes para que a administración pública autonómica poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei Galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- OBRIGAS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes obríganse, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

1. Tratamento de datos persoais dos asinantes deste convenio

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento deste convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A lexitimación para o tratamento destes datos persoais é o cumprimento dunha misión realizada en interese público consonte o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito.

As persoas asinantes manifestan o seu consentimento para que poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto aqueles datos persoais, de entre os recollidos neste deste convenio, e mailo resto de especificacións nel contidas, que poidan resultar necesarios para o cumprimento da lexislación vixente en materia de información pública.

Respecto dos datos persoais sobre os que cada unha das partes ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante estas o acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>.

Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional:

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para o mantemento e cumprimento do convenio.

2. Deber de confidencialidade

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- A utilizar a dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- A non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- A facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da dita relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio por duplicado, no lugar e data sinalados

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

POLA FUNDACIÓN "ÉRGUETE-INTEGRACIÓN"

Antonio Gómez Caamaño

Rubén Cagiao Avendaño

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, fotocopia cotexada do CIF, concellos de referencia, habitantes de referencia segundo os datos do INE a mes de xaneiro do ano en curso, organigrama, horario de funcionamento do centro, ubicación, número de despachos.

2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa fundación, indicando o nome e apelidos, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.

3. Actividades realizadas:

- Número de actividades e intervencións realizadas
- Número de usuarios directos do programa, desagregados por sexo.
- Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental.
- Programas de incorporación social: data, denominación, descrición, poboación diana, poboación acadada se procede.

4. Balance de ingresos e gastos da entidade:

a) Ingresos:

- Informe que inclúa a contía de todas as axudas económicas recibidas pola entidade e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
- Débedas con entidades de crédito.
- Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
- Ingresos por cotas de socios.
- Outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.

b) Gastos: Informe que inclúa a contía de todos os gastos da entidade:

- Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
- Gastos de mantemento: arrendamento/aluguer, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
- Tributos.
- Gastos e perdas de exercicios anteriores.
- Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.

5. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de todas as reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.

6. Cubrir as fichas de indicadores segundo o Anexo 4

ANEXO 3 : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE																																									
RAZÓN SOCIAL								NIF																																	
TIPO	NOME DA VÍA					NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA																																
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA			MUNICIPIO		LOCALIDADE																																		
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO		PÁXINA WEB DA ENTIDADE																																			
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).																																									
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)																																									
NOME/RAZON SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO		NIF																																	
EN CALIDADE DE																																									
DATOS BANCARIOS																																									
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.																																									
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)																																			
						IBAN																																			
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE: 1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes: a) Non están incursas en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados. b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. 2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio. 3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas: ☐ Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que se obtivo esta subvención. ☐ Sí obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para as que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan: <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th>ORGANISMO</th> <th>IMPORTE (€)</th> <th>DATA DE CONCESION</th> <th>DISPOSICION REGULADORA</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table> ☐ Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención. ☐ Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan: <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th>ORGANISMO</th> <th>IMPORTE (€)</th> <th>DATA DE SOLICITUDE</th> <th>DISPOSICION REGULADORA</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table>										ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE CONCESION	DISPOSICION REGULADORA													ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE SOLICITUDE	DISPOSICION REGULADORA												
ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE CONCESION	DISPOSICION REGULADORA																																						
ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE SOLICITUDE	DISPOSICION REGULADORA																																						
Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.																																									
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE																																									
Lugar e data																																									
	,		de		de																																				

ANEXO 4 : INDICADORES

PROGRAMAS EN XULGADOS E COMISARÍAS

PROGRAMAS DE ATENCIÓN AO DETIDO DROGODEPENDENTE	Nº DE XULGADOS OU COMISARÍAS ONDE SE REALIZAN	Nº DE USUARIOS	FINANCIAMIENTO DOS PROGRAMAS		ENTIDADES QUE REALIZAN O PROGRAMA
			PLAN AUTONÓMICO	OUTROS (*)	
Programas en xulgados					
Programas en comisarías					

**Indicar as entidades financiadoras

OBSERVACIÓNS:

INTERVENCIÓNS PREVENTIVO-ASISTENCIAIS EN POBOACIÓNS CON PROBLEMAS XURÍDICO PENAIS

CUMPRIMENTOS ALTERNATIVOS

CUMPRIMENTOS ALTERNATIVOS (Derivacións)	Nº DE USUARIOS		TIPO DISPOSITIVO CUMPRIMENTO (Nº USUARIOS POR TIPO)			FINANCIAMENTOS DOS PROGRAMAS		ENTIDADES QUE REALIZAN O PROGRAMA
	NOVOS	ACUMULADOS	CENTROS AMBULATORIOS	COMUNIDADES TERAPÉUTICAS	OUTROS (**)	PLANS AUTONÓMICOS	OUTROS (***)	
Dende Xulgados: suspensión condena, medidas de seguridade.								
Institucións Penitenciarias: (art. 182, 3º; lib. condic.)								

(**) Indicar tipo de dispositivo: centros de Día, asociacións de axuda mutua, pisos, etc...

(***) Indicar as entidades financiadoras

OBSERVACIÓNS:

INTERVENCIÓNS CON MENORES INFRACTORES SOMETIDOS A TRATAMENTO

APLICACIÓN DE MEDIDAS PREVISTAS NA LEI DO MENOR	Nº DE USUARIOS		TIPO DISPOSITIVO CUMPRIMENTO (Nº USUARIOS POR TIPO)			FINANCIAMENTO		ENTIDADES QUE REALIZAN O PROGRAMA
	NOVOS	ACUMULADOS	CENTROS AMBULATORIOS	COMUNIDADES TERAPÉUTICAS	OUTROS (**)	PLANS AUTONÓMICOS	OUTROS (***)	

(**) Indicar tipo de dispositivo: centros de Día, asociacións de axuda mutua, pisos, etc...

(***) Indicar as entidades financiadoras

Indicar cal é a porta de entrada dos usuarios ao programa

☐ Centros de tratamento ambulatorio a drogodependencias

☐ Centros de Atención Primaria

☐ Outros (detallar) _____

PROGRAMAS ESPECÍFICOS*			Nº Persoas atendidas* (En caso afirmativo)			OBSERVACIÓNS
	SI	NON	H	M	DESC.	
PROGRAMA ESPECÍFICO DE ATENCIÓN Á MULLER						
PROGRAMA ESPECÍFICO DE ATENCIÓN A MENORES						
PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PATOLOXÍA DUAL						
PROGRAMA DE XOGO PATOLÓXICO						
OUTROS						

* Indicar se o programa está presente e o nº de persoas atendidas. Para diferenciar entre a falta de información e a ausencia de persoas atendidas, cumprimentar "SD": Sen datos ou información (atendéronse usuarios, pero non se dispón de datos); "0": Non se atenderon usuarios.